

## Seminario de Debate "Muller e Poder"

Seminario de debate: "Muller e Poder" A Comisión de Estudos de Xénero de ALGA está a organizar o Seminario de debate: "Muller e Poder: Reflexións sobre a carreira política feminina" que se celebrará o vindeiro 3 de maio de 2012 na Aula 3.2 do edificio da UNED da Coruña.

O Seminario de debate: "Muller e Poder: Reflexións sobre a carreira política feminina" é unha continuación das actividades e estudos levados a cabo pola Comisión de Estudos de Xénero de ALGA dende o ano 2007, e conta coas colaboracións do Centro Asociado da UNED da Coruña e dos Servizos Sociais da Deputación da Coruña. É necesaria a inscrición previa na actividade.

Lugar: Aula 3.2 no Centro Asociado da UNED da Coruña. Data: 03 de MAIO de 2012. Hora: 17:00h a 20:30h Matricula: Aínda que a participación é libre e gratuíta, é preciso facer unha inscrición. Datos de inscrición e prazos: O prazo de inscrición estará aberto dende o luns 23 de abril ata o día da celebración da actividade. Dado que as prazos son limitadas, a organización pode pechar a inscrición con anterioridade a esta data se se chegase a cubrir o máximo de prazos dispoñibles.

Se podería solicitar a inscrición para asistencia: - a través de correo electrónico [xenero@anthroponet.org](mailto:xenero@anthroponet.org), - por teléfono : 610810334 / 620673466. - ou apuntándose nas follas de inscrición que se poderían atopar no Centro Asociado da UNED da Coruña.

Pode obter máis información sobre o mesmo premendo aquí.